

# Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



## *Canna indica* L.

A Cana de indias é unha especie da familia das Cannáceas procedente de América do Sur e Central onde é empregada para obter almidón. Introducida con fins ornamentais en Europa, a primeira cita en Galicia é do ano 1988. Non foi identificada inicialmente como invasora, xa que aparecía aillada no medio natural polo escape de cultivos ornamentais cercanos. Na actualidade, xa presenta marcado carácter invasor en zonas temperadas con certa humidade, onde forma densos tapices que impiden o normal desenvolvemento da vexetación autóctona.

Colabora no Atlas escribindo a [botanica@sghn.org](mailto:botanica@sghn.org)  
[http://www.sghn.org/Seccion\\_Botanica/Seccion\\_Botanica.html](http://www.sghn.org/Seccion_Botanica/Seccion_Botanica.html)

